


5-10-26

Num. 34

# nós





BOLETIN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO

Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO

Alfonso R. Castelao

---

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.<sup>o</sup> - A CRUÑA

---

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 "
Número sólo na Península	1 "
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 "

*OS PAGOS SON ADIANTADOS E OS GASTOS DE XIRO DE CONTA DOS SUSCRITORES*

---

Este boletín non i pubrica mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

---

SUMARIO

*Cántico do Sol, según San Francisco de Asís.*

*No centenario de San Francisco de Asís.*

*Do futurismo e mais do karma,* por Vicente Risco.

*Tres contos,* por R. Otero Pedrayo.

*A Edade do Ferro na Galiza,* por Florentino L. Cuevillas.

*Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza*

*Os homes, os feitos as verbas,* pol-a Redaución.

---

LEA VOSTEDE

*A NOSA TERRA*

IDEARIUM DAS  
IRMANDADES

Administración Real, 36 — A Cruña



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano III ★ Ourense 15 Outono 1996 ★ Núm. 34

## Cántico do Sol, asegún San Francisco

Moi Outo, omnipotente e bon Señor  
Pra ti son as gabanzas, a gloria e a honra e toda beizón.  
Pra ti soilo, Moi Outo, conveñen  
E ningún home é dino de dicir teu nome  
Gabado sexas, Meu Señor, con todas as creaturas tuas  
Particularmente, Meu Señor, o irmau Sol  
O que dá o día e por il ti nos alumas  
E il, fermoso e raiolante c'un grande esprendor  
De ti, Moi Outo, leva a sinificación  
Gabado sexas ti, Señor, pol-a irmá lua e as estrelas  
No ceo ti fixéchelas, craras, preciosas e belas  
Gabado sexas ti, Señor pol-o irmán vento  
E pol-o aer e a nube e o sereo e todol-os tempos  
Pol-os que ás tuas creaturas dás mantenza  
Gabado sexas ti, Señor, pol-a irmán auga  
A que é moi doada e homilde e preciosa e casta  
Gabado sexas ti, Señor, pol-o irmau lume  
Pol-o qu'alumas a noite  
E il é fermoso e ledo e cheo de forza e valente  
Gabado sexas ti, Señor, pol-a irmá nosa nai terra  
Que nos mantén e coida  
E dá os variados froitos c'as frores cooradas e a herba  
Gabado sexas ti, Señor, pol-os que por teu amor perdoan  
E aturan a door e os traballos  
Benaventurados os que viven na paz  
Pois eles han ser por ti, Moi Outo, coroados  
Gabado sexas ti pol-a irmá nosa morte de corpo  
Da que se non pode librar ningún home vivente  
Malura pr'os que morren no pecado mortal  
Ditosos os qu'atoparon as tuas santas vontades  
Pois non lle fará mal a segunda morte  
Gabai e abenzoai ó Meu Señor e daille grazas  
E servídeo c'unha grande homildeza.

## No centenario de San Francisco d'Asís

No sol-por do sábado 3 d'Outono do 1926, realizouse na Poclínula o grorioso tránsito de Francisco de Asís; n-aquela misma serán pídeu que lle leeran un testo do Evanxeo de San Xohán: «Denantes da Páscoa, sabendo Xesús que chegou a sua hora pra pasar d'iste mundo ó seu Pai, como tiña amado ós seus qu'estaban no mundo, amounos ata o cabo...»

Hoxe com'entón, nas horas derradeiras do día d'Outono, trema unha saudosa eisallación: as montañas lonxanas vólvense corpos astrás denantes de s'afundiren no misterio da noite, nos sucos do torrón labrego desbotan as froriñas homildosas afelitas a brillaren com'ascondidas baixo do longo ouveo da invernía caroal. A vós dos arboredos ten líricos estremecimentos. Morreron os barrocos poentes do vrau e aqueles suntuosas apoteoses de nubens e de luz empalideceron en puros fondos de festas penitentes. Inda pr'os homes mais carnais, len o outono unha invitación ó elixame interior; xurde unha penetrante melancolia nas rúas das grandes vilas, nos instantes fondos qu'arredan o sol-por do trunfo teatral da luz dos arcos voltaicos. Ata os vízios mais baixos adequieren certa soñileza que poidéramos chamar metafísica n-iste mes qu'acurta a vida vexetativa da natureza e perludia o cantar das augas, ordeado coim'as fugas dos corales de Bach.

Anciosa sede do infinito A mar non colle nas suas concas e ergue o peito atrevoado de salayos cósmicos nas outas marelas. Tamén San Francisco de Asís chegou ó cume d'unha edade do cristianismo c'unha ansia d'infinito, de Deus, superando a teoxia polo amor.

San Francisco é o tema-eixo d'unha imensa literatura. Aparte da mais pura que decorre polo regos propios do franciscanismo, unha grea de literatos amigos do pintoresco e do estrano, de filósofos maravillados polo forza superior da intuición, d'artistas en precura do xérmolo do xenio mañanceiro dos primitivos, teñen considerado dende os mais variados ángulos a figura radiosa do Proibido d'Asís. E ó

rívés do que pasa c'outras grandes figuras históricas, atopan soílo unha confirmanza cada paso mór do que de Francisco dixo a tradición e o primeiro biógrafo, Tomás de Celano. Estudando a literatura sobre Platón, por exemplo, temos cuasque tantas interpretacións com'autores; é qu'a materia lumiosa dos filósofos óllase asegún o corte dos prismas qu'a consideran. De San Francisco, fora d'unha mór precisión de datas, d'influencias ou derivanzas, soílo se pode concluir dicindo que foi o mais perfeito home de Cristo que teña nado de ventre de nai.

Tense dito que San Francisco foi o descubridor das bellezas e da significanza da natureza, gracias á sua sensibilidade chea d'amor a todal-as cousas. Doadamente se pode demostrar com'os homes da Edade Media, teólogos ou artistas, foron conqueridos polo fermosura ou misterio das formas naturás: abonda lembrar as comparanzas de Hugo de Saint-Victor, a sorprendente decoración das arquitecturas románicas e góticas. San Francisco amou á natureza sinxelamente, gabando n-ela a obra de Deus, polo forza do seu amore, sen pasar polo traballoso camiño dos filósofos. Todo home relixioso ten no seu vivir instantes de completa humildeza e absoluta dedicanza á vontade de Deus; estírade istos raros instantes ó longo de todal-as auctiós d'unha vida, e terás conseguido o miragre da persoalidade de San Francisco. D'eiquí a sua significanza humán, e o chamamento qu'exerce sobre os conversos e os arrepentidos. Superior n-esto a todol-os de-mais grandes Santos, esperia ecos doces en todal-as almas nas que teña soado, unha soilla vegada xiquer, a verba de Xesús.

A Orde dos Menores, os escritores relixiosos, os historiadores e poetas, celebrarán dinamente iste centenario incomparabre. A revista NOS soílo quer chamar sobre d'iste punto a atención dos seus leitores. Mais temos ademais outra causa.

San Francisco estivo na nosa Terra; os seus

pés lumiosos pisaron o poó do camiño dos pelegrinos xacobeos. Entrouille na y-alma o recender dos nosos vals, misturou a cinza na cunca do caldo, cruzou gabendo a Deus a sombra do Castelo, abenzou ós paxaros das carballeiras nos arboredos montesíos. Os seus xionlllos gasleron as pedras sagradas do Sant'Yago románico e cosmopolita, esprendente de xemas, poboado d'isolados mosteiros, barulleiro nas rúas de todolos falares da Cristiandade.

No recuncho mais homildoso do solar apositólico, ó pé da sinxela corrente das augas, baixo o nivel da radiosa basílica e dos vellos cenobios, inzou San Francisco a semente do convento dos Menores. Por algo é a violeta o embrema da Orde franciscana. En Sant'Yago pagou foro, com os labregos e criou heroicos misioneiros que despois, cangados polos crímos estranos, rezaban na vellez, en Herbón c'eo acento amoroso do Santo Patriarca.

O espírito franciscano tivo en Galiza un garrimoso acollemento, na raza traballadora e homilde, apegada ó chán. De como sinte Galiza aquil incomparabre espírito fala con suprema verba o San Francisco d'Asorey. Ben queremos saber o que pensan os lendeiros e os ricachos, os rapaces namorados do dñeiro dend'os anos froridos, diante dos farrapos lixados, do éstase da y-alma apenas envolvida en corpo, qu'Asorey traballou, en compañía do irmau Lobo. Mais non soilo iles; todos niste tempo de desorientación, no fracaso de total-as seguranzas, debemos adicar unhas horas do inverno que chega, a pensar na vida do Serafin d'Asís. Gregorio IX dicindo o seu panexírico, tomou por lema o lesto do *Ecclesiástico*: «Quasi stella matutina in medio nebulæ et quasi luna plena in diebus suis et quasi sol refulgens, sic iste effulgit in templo Dei». Hoxe com'entón.

#### PEQUENOS ENSAIOS

## DO FUTURISMO E MAIS DO KARMA



SCRIBIAME hai pouco Teixeira de Pascoaes, falando das correntes intelectuais de Portugal: «Uns queren tudo destruir, outros tudo conservar: futuristas ou integralistas... Outro tanto acontez un pouco en todos lados, no dia de hoxe, e, o que pode que sea pior, outro tanto, se cobra, aconteceu sempre, embora en certos tempos con mais intensa e mais grave tensión. O que chamam tradición - pra mi tradición non é mais qu'o desenvolvemento normal dunha cultura - sempre tivo nemigos; as forzas de disolución social estiveron de cote loitando, e o que pra elas é mais grave, colaborando coas forzas cohesivas, centrípetas, o qual non é estrano, pois é un feito que por fin, toda lotta é unha colaboración, e todo trunfo unha transiencia co vencido. As porfias dos homes desenrolanse adentro d'un estreito circo de con-

dencialidás qu'os salva, en cada caso crítico, do derradeiro e mais espeso centrifugulismo. Quére d'iste xeito a economía da natureza, e a sua conxénita polaridade que se dá ainda dentro do mesmo espírito individual.

O dito non é mais qu'unha das aplicacíos do qu'espuxemos no traballo qu'adicamos ás idéas de Hermann Keyserling, tocantes a qu'a vida universal - sen qu'esta vida sea, se cobra, unha entidade en si mesma - busca sempre, non precisamente o mínimo esforzo, senón unha sorte de tensión meia, o camiño mais doado.

O que é, é que, proplamente falando, pode haber pasalismo, mais non hai nin pode haber futurismo.

Efectivamente: é certo qu'o pasado xa pasou, mais foi, é un feito, e por mais voltas que lle dean, xa non pode deixar de ser; non podemos impedir que forá como foi. Os feitos son irreversíbeles.

En troques o futuro é pra nós coma si nono houbera. Temos que distinguir antr'o futuro que nós pensamos, e o futuro real, qu'ainda ha vir, e non sabemos como ha ser, ainda na parte en que tal futuro ha ser obra nosa. Ainda ise pode non ser coma nós queremos. Nós podemos ler agora, non hai duda, intencions fixas, precisas, definiidas, pra realizarmos no porvir. Mais non sabemos si o futuro mesmo, nonos vai trazer intencions novas, cecais opostas ás qu'agora temos.

O pasado é noso, é cosa xa realizada, xa feita, ninguén nol-o pode quitar. O futuro, en troques, pódemos fuxir das maus.

En realidade, nin hai, nin pode haber futuristas porque se non pode ser partidario do que non eisiste, do que se non sabe o que é, o que vai ser. Por iso todol-os futuristas, unha de duas: ou son sinxelamente amigos da destrucción ou son en realidade presentistas, que queren proleutar no porvir o presente, ou o presente n-aquello que s'arreda do pasado, ou unha escolma d'iste presente, ou unha eisaxeración de todo ou d'unha parte do presente.

Porque non podemos surtir do presente mais que pol-a lembranza ou pol-a espranza, que veñen a selos dous elementos da saudade, «cobiza do lonxe» - coma lle chamou Viqueira - en amol-os sensos. Mais resulta qu'idealmente non podemos vivir o pasado, nin podemos vivir o porvir, mais que co-as ideias do presente. Interpretamol-o pasado co-as nossas ideias de hoxe; agardamos do futuro a realización das nossas ideias do istante actual. Mais veleiquí que maná, esas ideias han ser xa outras. Non podemos ter agora ideias futuras, coma non podemos vivir realmente o futuro mais que cando vela, cando se faga presente.

Non podemos vivir realmente o futuro mais qu'en adivinación ou profecía. Non hai mais cencia do futuro qu'a astroloxía xudiciaria e similares, as cencias apoteosmáticas e divinatóriases. Mais estas non todol-as teñen por certas, e ainda os casos de prescencia ou videntia do porvir, non serían casos normás, senón isolados e esporádicos.

Idealmente, tampouco podemos vivir o futuro mais qu'en conxelura, en espranza, en intención. Conxelura que se pode trabucar, espranza que se pode esvair, infención que se pode virar. E ainda o que asina vivimos non é

o futuro, senón o que nós supomos que ha ser, ou queremos que sea o futuro.

Porque non somos ainda o futuro. Somos o noso pasado, e se cedra somos o pasado todo da terra, e do Universo inteiro. E ainda ese pasado é o que ha selo porvir, polo menos, o que o ha facer. O pasado é o criador do futuro. Quen sabe si o porvir todo non estaba xa no comienzo na *panspermie* orixinaria? E antes do comienzo, non estaba xa, desde sempre, no pensamento de Deus? Suprime a Deus, e a vida toda do Universo, o porvir da terra e do home, había estar ainda en potenza na sumidade de nebulosa orixinaria, ou no qu'a sustituiu na nosa represenfeción do comienzo, ou no fondo da eternidade, se pensades que non houbo comienzo.

O pasado é a *preformación* do futuro. Canto hai e tanto ha d'haber, non é mais qu'o desenrollo das *protoformas* pasadas. O que é e o que ha ser é secuencia do que foi, e tal cosa acontez porqu'enantes aconteceu tal outra. Por que non hai, nas causas segundas, propiamente creación, senón trasformanza: aparecimento de novas formas do mesmo sustrato sustancial. Iso é a vida, a Evolución Criadora, e tanto hai é creación da vida.

A vida é desenrollo, esencialmente, e o seu modelo é o arbre. Ainda o home é esencialmente un arbre: no seu corpo ollamol-a disposición arbórea das veas e dos nervos, asunto do qu'outro día temos que falar. Iste feito vexetal da vida, ainda nas suas formas superiores, nas que recibe a infusión do espírito, foi o que fixo pensar qu'a raiz da *mandrágora* podíase trasformar en home. O arbre é ainda o simbolo da casta, da raza, e o home leva iste símbolo adentro de si. A natureza amosta de cote ó home o camiño reuto, asegún aquil dito de De Maistre, de qu'o home é sempre adverlido do que lle convén saber.

E nós nacemos xa c'un futuro heraldo, un futuro que nos foi preparado polos que viviron antes que nós. E nós mesmos, no noso pasado e agora mesmo, e obedecendo en gran parte ó pulo hereditario, estamos axudando a criar o noso futuro, incoscientemente, sen nos decatarmos e sen o querer.

Veleiquí o que chaman o *karma*: suma dos feitos dos nosos devanceiros, e dos nosos propios feitos, que levamos, queiramos ou non,

com'un pesado fardel enriba do lombo: o pasado a gravilar nas nosas costas. Non podemos botal-a conta das sequenzas que no porvir pode ter o mais pequeno dos nosos feitos. O cristiano sabe que pode ceibar a sua y-alma do *Karma individual* – o pecado e o seu castigo – gracias á penitencia; mais ninguén pode fuxir ó *Karma cósmico*, nin ó *Karma social*. Como nós recollemos dos nosos abós, os nosos fillos e os nosos netos han recoller o noso. Pode a decadenza nas culturas ser un feito natural, com'a encianidade do home, ou o outono do ano, mais as suas formas en cada caso, son Kármicas.

Veleiqui com'o futuro ven' do pasado. En realidade, o valor todo que damos ó pasado non pende mais que n-esto: o futuro está xa esencialmente no pasado, como *preformación* e como *Karma*.

D'eíqui sacamos duas verdades importantes:  
1.º Precisamente de ser o futuro *función* do

pasado, ven o que o futuro seña ata certo punto previsibre e calculabre, previsión e cálculo que se funda no estudo do pasado, o qual sempre ten que ser tido en conta. Efectivamente, os homes cando van emprender calquera cousa, teñen que botar de conta qu'a natureza ambiente por unha banda, e a natureza humán pol-a outra, hanse seguir portando coma fixeron ata hoxe. S'iste cálculo crebara, non habería obra posibrel.

2.º Qu'a oposición pasado-futuro, é ainda unha falsa oposición, como a oposición cultura-naturra. Responden as duas no mais fondo, a unha concepción filosófica dogmática e pre-Kantiana, unha trabucada concepción espacial do tempo coma sucesión; e pra nos ceibarmos d'ela, pra nos ceibarmos a unha do pesonalismo e do futurismo, témonos qu'acoller a unha concepción bergsoniana do tempo coma duranza.

VICENTE RISCO

## TRES CONTOS

### O MEDO

**O**neno espertou ben tarde sen se dar conta d'oncaba: nin amolecia na escuma priguizosa do seu leito da vila nin chegaba a nel pra darlle bicos de tres estralos i-a xícara do chiculate. Agora non s'astrevía a estarriarse na larganza do disforme leito outo e frío; alá abaixo debía estar o seu falelo novo, o orinal, o libro dos contos. Por enriba penduraban das vigas do treito, xamós curados e queixos d'Holanda; unha vella araña reumática rubia adespaciño pol-as madeiras da fiesira coartelada.

O neno ben se decataba de que aquila sabia araña facía a sorna morne, que ollaba prai como quem non quer a cousa, e pensaba alcanzar o treito e vir correndo com'unha estrela negra pra deixarse cair enrugada e fría cas palas recollidas, na quentura do leito. O neno non era capás de baixar soilo ó chan frío; un salao rubialle pol-a gorxa cando de súpito che-

gou un novo espanto: viñan non se sabe d'onde oulos berros espaciados, estranos, de mór a menor, rematando n-un estertor de morte, coma cando un xigante era ferido pol-a espada d'un cabaleiro. – A porta abriuse i-enrou a tía ulindo a xiada i-a chemusco.

– Érguete, meu filliño, hoxe temos festa grande. Os da vila criádesvos demasiado señoritos e non lle tendes amore a istas couzas. Estamos co-a matanza. – E collía ó rapás pra baixalo do outo leito.

O correr do dia viu o neno homes terribres, de gargallada de verdugos que acenaban con grandes coitelos afilados e usados coma s'estiveran afellos a curtir moitas gorgas. Mulleres de brazos nús roxos do frío e rosto de pedra, chegaban con cestas de bofes e tripas, cicals de pobres nenos mortos no bosque aquil onde asegún o médeco ouveaba o lobo total-as noites i-un grande ogro acougábase no oco d'un caracochio. As horas do curto día d'inverno (un sol canso fazia o seu oficio de mal xenio peseando moi preto das

serras enfariñedes, unha friaxe no souto de follas podres e brazos retortos, un can frisellón encadeado no recuncho do curro) foron longas pr'a neno. O tio crego e mais o médico chegaban ó mediodía i-a merenda falando verbas duras, prontos ás determinacións fortes. O neno tiña que debullar o latín: muito Raimundo e moitos pais; cando fora un pouco, mais grande era perciso que fora á montaña pra aliviar ó seu pai e tratar alá com'un home c'aquiles diaños d'pellos renteiros que non pagaban e ladrós que facían a críz nas leñas das carballeiras. Da cociña chegaban esprandores d'un forte lume, anacos de verbas brontas, roídos d'Instrumentos de suprio e morte. Tudo parecía denudado na casa. Tiña medo de cando pechára a noite; estreveuse a andar amodioño car'a solaina pra gozar d'un derradeiro anaco de dia e voltou espaventado pr'a sofá da sala, xa toda colgada de tréboas; na grande viga do corredor penduraban catro porcos disformes na escuridade.

O neno aniñou no recuncho do sofá e pechou os ollos, tremendo. Co traxego da angueira, a fia esquencérase de acender o quinqué das calcomanías. Fixose noite fonda, tudo calou na tréboa arripiante, o rapás faziese pequenínho no seu ocougo cando sentiu unha cousa mol que esgarabellaba con poucas peludas e artelladas na carne de galiña do seu probe colo nu. Refregouse contra as almohadas, correu estolado na escuridade e caiu por unha trapa aberta; caia, sen chegar ó fondo. Pr'onde iría? Detívose nunha crás de cociña de terra; non s'alcanzaba a mirar o freito nin as parés. Na färeira queimadase con fogo morto fáboas de cädaleto, aquiles que ellá o neno na casa da Hirmandá cando foi o domingo á misa do tio; unha vella escanastada, mistura de galiña esprümada, bruxa e probe de pidir pol-as portas; atizába o lume c'un óso de morto e coidaba de escumár un pote negro no que fervían cabezas rizas, maus, costelas, de rapacifios.

O neno sentado nun tallo tremaba com'un azougado e ben sentía que outra cousa había tras d'il que non-o-deixería-fuxir; titilia cousa que bufaba baixiño verbas noxentes e imprácticas, cicais, aquiles, latinorios que estudaba o seu irmán mór. Ollou d'esguello e viu os catro porcos, de pé abanicándose mainamente

## NÓS

ó cómpás do qui, quae, quod, cantado moi baixiño. Tiñan os bandullos abertos, cruzados por estacas, os dentes recachados i-os ollos atentos pra illa.

Cando chegaron c'a lúa, o rapás tiña calentura. Dellárono nun xergón acarón do letto daña, fixeronlle rezar moitos padrenuestros e promeléronlle encargarlle unha corza viva ós caseiros da montaña.

## II

## O LUAR I-OS PENEDOS

Os penedos pol-o día calan no monte coma é un silenzo planetario. Mais pol-a noite, cando o luar vai apalpando entre nubes e penedos, as pedras falan.

Por iso o piñeiro torto da gándara garde o medo d'ouvir aquelas verbas da pedra i-está sempre en altitude d'escoitar.

O pastor da avenza ten medo de ficar soillo acarón do penedo que ten feitura de rã; aíxiña s'avergonta i-o can mira con ollos tristeiros ó rapáz montado no penedo. O home acarranchaperras do monstro. O sol-por faille unha apoteosis i-o vento da serra limpalle os ollos i-espertelle as arelas do trunfo.

O luar nasce nos penedos craro e doce com'o pensamento na serie animal, asegún os sabios d'outro tempo.

O luar i-os penedos falan coma vellos compadres.

Os colos amontoados comestos polos firos de serra da auga das invertidas; as pedras en figura de ovo, somellantes ós celebros dos homes primeiros; as laxes fendidas que teñen marelas non vistas polos ollos humans, marelas do fogo interior da terra que as fan rubir e baixar e maneira do salgado lombo das badias.

Todo o monte creba a sua sede de verbas na pulpa de froita da lúa.

E din: Chegaron os canteiros e racharon a nosa entrána.

Con firos e con picardías cortaron lousas, pra covas, lumieires pr'as casas, postes pr'as viñas, pedras traballadas en curva com'as fáboas das pipas pr'os arcos das eirexas. Tudo o coto salesyou caladamente e'a dor das feridas i-un arrío morno foi correndo en onda,

vibradoira por debaixo dos chaos traballados, por debaixo dos vales cobertos de terra mol, nosa filla desleigada que se deixou misturar c'as materias podrencias do toxo, do arbre e do animal, rubia pol-as costelas esgrevias da serra e sentiase nos oulos píncaros espídos e luzentes coma ti morno penedo pantasmal do ceo.

A fonte que andivera o correr dos anos descobrindo eiqui e ali pol-a penedia, tamén ouvíu como o piñeiro o falar cósmico do ermo; hoxe encañada chora pol-o mistéreo da montaña.

Unha vegada cando xa as brancas feridas do monte se cobriron c'a tona piedosa dos ouricelos, a verba praleada do luar cobriu com'unha névoa de voce os outeiros silenziosos, decindo:

— As pedras, vosas irmans, arrincadas pol-a ferramenta dos homes amigos do estrondo, xa volteron a ser ceibes. Longamente falei con elas nas noites derredeiras e demorei na sua compañía. Fuxiron os homes da cidade orgulliosa; as pedras, disoltos os cementos i-enfurruxados os ferros, estran a campia que foi n-outro tempo solar da urbe crara. As lousas tumbals mordidas pol-o tempo rafinador das letras amontiñanxe en cotos ceibes; perdérónse as finas arestas da talha i-os arcos con riolas de pedras soltas salferidas sen traça da arte; as lumieiras crebadas pol-o medio, hasta as columnas ergueitas com'os arboredos ordeados dos parques, todas elas fan no chao silenzioso unha nova penedia. Vosas irmans outra volta. Mais estou triste porque falándolle eu garimosamente coma nos antigos tempos, non souperon responderme.

Os penedos do ermo abanearon mainamente dicindo: Xa non son nosas. Outra y-alma ficou n-elas, a y-alma que lle sopraron os artífices, os obreiros, e ademais a doer acugulada das xeneracions crescidas e mortas ós seus pés. Nin o fogo eterno da Terra ou do Sol sería capás de limpálas da vibración humana; sempre tremará no cerne das pedras traballadas. Endexamais voltarán a sere as nosas irmans. Para sempre perderon a sua virxinidade planetaaria.

A lúa pra arredor os penedos d'aquiles tristes sentires, fixo tolas carreiras entr'as desfaias neboieras: danzou a danza dos veos i-

final corououse c'un halo de lazo astral dino da raíña da noite eterna.

Os penedos garderon dende entón unha melancía de petrucios abandoados.

### III

## AS ONZAS

A tertulia estaba ben animada. De cando en cando ouvíase un decorrer de ferrollos, ladraba o can, i-entraba na sala un novo persoaxe en compañía do frio vento de marjal. Xa estaban dende cedo as escribanas, nai e fillas, ocupando o mellor sitio rente á chemineia (o escribano restaba na casa chorando a lúz que lle facía gastar aquil endiañado preito d'Oseira), o crego sentido coma sempre no grande arcaz labrado, atufado de rapé as nocas peludas e deixabai ver as polainas de guerra baixo o balandrán verdecente; o fidalgo esguio das Quintás cicais soñaba c'os tempos da estudiantina, cando en Sant'Yago era admitido nos salós e podía ler libremente d'aquiles libros que viñan de Francia. Qué mal fixera en non demorar na vila, il, home feito pr'as luces do siglo e non pra esmorecer na aldea lonxana delitada com'un can ó pé d'un maorazgo bebo e d'un crego noixerio e tiráneco! Mais aquila casiña brasonada, aquilas parras i-a na vellaña trouxérano ó tristelro estado de fidalgo cañador de coellos e fatto de cuncas de caldo.

Tamén asistían as primas d'Ourense e por decontado as fillas do maorazgo. Pequenas, fracas, d'un raro e lúzente ollar, andaban d'elqui pr'ali bufando xordamente entre elas e sin fazer apenes caso da probe nai, médeo parva. Misia Xacinta, que sentada no sillón i-envolviña en cobertores sollos alegraba unha miguiña cando as moedas locian e soaban na mesa. Os fillos, úlos! Tabernas e feiras había d'abondo no país. Como non estivera algún c'a testa rachada nas lousas do camiño das malas mulleres.

O maorazgo, o dono do grande pazo, sentiase triste aquila noite. D'ordinario era de poucas falas; n-aquilas seránas xa longas, pasaba o tempo alancando pol-o corredor de pedra; nin lia os vellos libros da biblioteca, nin cazaba, nin apena s'entendía cos peisanos. Un bimbastro d'home, xa vellote que solo se lle quentaba o sangue á vista d'unha boa moza.

Os derradeiros en chegar foron o capitán e a sua muller. II era o elemento dinámico d'aquela tertulia de pantasmas. Elainda nova, sempre disposta e faladeira, andaba na angueira de erguer o patrimonio familiar (cesiña e viñas, na ribeira outra casa, lameiros, touzas e rendas na parroquia do Chao) bofado a disbarate pol-as loidades do pai, un vello ainda vedrayo, amigo das mozas e do viño. O home, un militar liberal de vivo xenio, viñera había pouco do Norte onde se vira por frente dos osos navarros de D. Toñás e conocera as noites de marcha pol-os penedos vascos, as loitas moi de mañán entre a nevoceria i-o sirimiri, o carís nemigo das aldeañas calristas de curazón. Viñera desterrado porque seu xenio demasiado franco e destemido non se coñecía diante das parvadas estratéxicas dos xenzrales da reina. Vivo e ledo, sempre tiña un ollar de desafío pr'a sorna-morna do abade.

Sentáronse, e comenzou a xoguetía. O grande velón bolaba unha luce pálida de lámpara de estudo sobre o fato de cabezas atentas ó correr das cartas. A señora fixaba na mesa o seu ollar abobado, o maorazgo non xogaba. Tristeiro e valeiro de pensamentos, paselaba pol-a grande sala i-a cada volta perdiase na escuridade fazendo rencher as vellas láboas do piso.

De súpelo parouse e sintiu un arripío de medo: na alacena onde se gardaba a louza xurdíra unha nota cristaña, soila, temerosa na noite, unha pinga de psalterio de duas copas que se tocaban. O maorazgo pensou: «É un aviso». E quedou sen enerxía, disposto pr'a desgraza que sen dúbida aletexaba pol-os arredores do pazo n-aquella fria noite de marzo.

Nas verbas dos xogadores, no estralar do fogo, no ar frío que viña pol-as fentas das maderas, non había nada de particular. Soilo a espera d'algúnha cousa.

Salayou o grande portón da muralla, i-los ollos mortos do pai miraron o fillo mais grande de entrar pol-a sala. Cativo, toro, enrugado, d'ollos baixos, non parecía levar o sangue d'unha caste fidalga.

Era o herdeiro. A morte do pai non se portan marcos nos eidos. Os irmans pequenos terían que vivir cuaseque da sua esmola. Respeitado e temido pol-a torta intención, tiña sona nas festas e nos fiadeiros de todal-as parroquias veciñas.

Aquela noite estaba mais pálido; as suas mans finas lociron na mesa bolando as cartas con maestria. O xogo cresceu c'a sua presenza; houbo emoción nos vellos e intrés no capitán, hasta entón somentes cortés. De súpelo fixose un grande silencio i-abafouse unha sombra nos rostros, cando o herdeiro pousou na mesa unha tras d'outra, hasta sete onzas de Carolus III.

Rematada depresa a tertulia, o pensamento de todos falou pol-a franca boca da muler do capitán. Era veciña de sempre i-estimaba á xente do pazo. O herdeiro tiña a sua mesma edade. Colleuno a un lado:

— Ti fixeches algo malo! — dixo tremendo e angustiada.

Un falso sorriso latexou nos beizos do mozo. Os veciños fóreronse aixiña pr'es suas casas. Fechouse o portón i-acugulouse o silencio nas salas do pazo. A nai tollejía e parva tiña ollos d'espanto.

A noite longa e fria foi percorrida por grandes ventos ouveantes. O romper o dia a dous légoas do pazo; as primeiras vellas que correron á misa atoparon o ganadeiro morto no camiño fondo onde inda reinaba a noite. Ferido en loita franca ó voltar da feira, tiña sido romulado por men aristocrática pol-o prezo d'unha xugada de bois.

RAMÓN OTERO PEDRAGO



# A EDADE DO FERRO NA GALIZA

(*Proseguimento*)

Número 8, cecais d'Ourense. Sección romboidal con ornamento central de dez grupos de catro semicírculos concéntricos. Remate en dobre escocia (fig. 107).

Número 9, cecais d'Ourense. Sección circular, liso, rematado n'unha especie de campañas c'unha punta no interior (fig. 108).

Número 10, de León. Sección circular, liso, rematado en dobre escocia.

Número 11, procedencia desconocida. Sección romboidal, con remates formados por dous discos grosos, un cilindriño y un pequeno disco terminal (fig. 109).

Número 12, de Cangas de Tineo. Sección romboidal, ornamentado na parte central por catro aramios retortos que saen das aristas. Remate en landras (fig. 110).

Número 13, de Jubia (Mellid). Sección romboidal, liso, remates en landras.

Número 14, da Croa de Riotorto (Mondoñedo). Sección romboidal, liso, remate en landras.

Número 15, do Cruceiro da Cruña (Santiago). Varios anacos de torques, tres asegún Villaamil, catro pra Ferreiro e cinco pra Saralegui; algún con remate en dobre escocia, outro de labor retorto e con oílos.

Número 16, da Croa de Riotorto (Mondoñedo). Varios anacos, un con labor retorto e con oílos.

Número 17, do Castro de Masma (Mondoñedo). Anaco d'un torques ornamentado con cinceladuras (fig. 111).

Número 18, no Castro de Masma. Anaco d'un torques ornamentado con filigrana, formando lazos con boliñas no medio (figura 112).

Número 19, d'Ortigueira. Sección romboidal, decorado en toda a sua superficie por un ligeiro punteado, remate en landras (figura 113).

Número 20, de Lebução (Chaves, Portugal). Un exemplar íntegro, de sección romboidal, liso, e con remates en dobre escocia, decorado no disco exterior por un exágono radiado posto no meio de dous círculos concéntricos e restos d'outro torques de sección circular e rematado en pérulos de elegante foltura (figura 114).

Número 21, cecais de Pontevedra. Sección romboidal, liso e rematado en landras (Conservado d'il, unha fotografía D. Federico Maciñeira).

Número 22, de Viladonga (Lugo). Sección circular, recoberto nos dous tercios inferiores por un aramio com'os de Foz e da Recadeira, e nos cabos, dous rodelas feitas c'un fio d'ouro enrolado en espiral. Remate en landras (figura 115).

Número 23, d'Ois (Cruña). Idéntico ó anterior, anqu'aparece hoxe isrido do aramio enrolado, mais do que conserva sinal.

Número 24, de Centroña (Pontedeume). Idéntico ós anteriores pero con catro rodelas en vez de dous.


Número 25, S. Vicente de Curtis - Vilasantr - De sección romboidal e remate en landras (1).

Os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 22, son propiedade do Sr. Blanco Cleeron. Os números 8 e 9 perteneceron ó canónigo ourensán Sr. Arteaga. Os números 10, 11 e 12, están no Museu arqueológico de Madrid. O 13 na Academia da Historia. Os 14, 17 e 18, pertenecieron ó Sr. Villaamil. O 23 a D. Jenaro Ares; o 24 a D. Juan Leira, y os 15 e 16, desapareceron.

Do conjunto material enumerado, destácase somentes con claridade tres tipos: un de labor retorto e con lazos en forma de oílo; outro de

(1) Deste torques había unha reproducción feita por un ourive da Cruña na colección de D. Santiago de la Iglesia.

sección romboidal, liso en con remates en landas, y-o ferceiro que comprende os eixemprares recobertos c'un aramio enrolado en espiral. As restantes pezas aprousímanse mais ou menos por algunas das suas carauteristicas a isles tres tipos, mais teñen en troques outras particularidades qu'os individualizan notablemente. Tal ocurre cos torques do Museu arqueológico de Madrid cuios remates separáense dos correntes en dobrz escocia ou en landra, no eixemprar incompleto de Lebuçao e n-un dos que foron do Sr. Ariega, que remata en duas campañas ocaas e provistas d'unha punta que cecais serviu pra asegurar un botón d'esmalte ou de vidro.



O procedemento de frabicación dos torques galegos, parece ter sido, pol-o menos pr'os que non teñen labor retorto, sempr'o mesmo. Fusión do metal en crisoas e vaciado en moldes separados da barra e dos remates, que se soldaban despois entre si, conseguindose o decorado ben por grabado de puntos prauticado c'un trépano, ben por apricación de delgados fios d'ouro, sendo tan constante iste carautere que sollo un eixemprar de todol-os coñecidos ostenta labor cincelado. método que co repuxado son os correntes na ourivesaria galo-romana de la Tene.

*Os brazaletes* — A pesar de qu'esta jola debu ser moi usada nos tempos protohistóricos

de Galiza, como demostran algunas estatuas de guerreiros y-o mesmo texto de Plinio (1) que fala das pulseiras qu'eran chamadas *viriolae* na Céltiga e *viries* na Celiberia, a pesar de que d'esta denominación parece derivalo nome de Viriatus, qu'eisiste na epigrafía latina das duas riveiras do Miño, os brazaletes que craramente pertezan á nosa cultura do Ferro, andan ben escasos en Museus e coleiciós particulares.

É moi posibele que com'enantres s'indicou, algunha manilla do tipo das d'Arnozella locira nas campas dos homes dos castros, mail-o seu atipismo impideno incruiles no cadro da nosa civilización posthallstática, ficando redu-

cida a nosa tarea a estudar o úneco eixemprar craramente castrejo que coñecemos.

Iste eixemprar úneco foi atopado juntamente cos torques a que denantes fixemos referencia, e con anacos d'unha manilla, en Lebuçao a duas leguas ó nacente de Chaves, dando Ricardo Severo conta do seu achadego n-un artigo que publicou da *Portugallia* (2) acugulado de citaciós eruditas e ilustrado con farta d'escelentes dibuxos.

Está feito tal brazalete d'unha folla d'ouro fechada e c'un ensanchamento na parte central,

(1) XXXIII, 18.


(2) T., II, fasc. II.

que dá ó oujeto o aspecto abarrilado caraísteo dos *brassards* da Baviera e do Franco Condado. A sua superficie aparece inteiramente cuberta por unha ondulación (fig. 116) posta en senso horizontal, co-as convexidás arredondeadas, prominentes e ampliamente desenvoltas. Nelas, a mau hábil do ourive, deixou grabada unha serie tan longa e variada de motivos ornamentais que é case un compendio ou un muestario da decorativa castreja. As rosáceas das citanias e nas filigranas dos torques, están aliadas ós pétalos, ós losangos y ás grecas, finamente executadas, habilmente dis-

gravuras da armilla, veu parar as mais das veces, ó círculo da civilización hallstatiiana.

Dos motivos señalados cos números 1 e 7, que califica de chevrós, ou formas d'iles derivadas, dí que predominan nas estaciós da primeira Edade do Ferro (Hallstatt, Bolonia, Vilanova, Este, Toussen e val do Ródano) y engade qu'os triángulos con círculo terminal, vense en enfeites suspensos y en asas de cistas de Magni-Lambert.

Atopa as grecas ds. 5 e 8, que dá pol-o de-mais coma características da Edade do Ferro, na Cote-d'Or, y os semicírculos do número 9



postas, revelando unha vez mais a técnica adianizada y o gusto artístico dos nosos ourives prolohistóricos.

Desta riqueza d'adornos da manilla de Lebuçao darán idea os esquemas da (fig. 117), tomada do citado artigo da *Portugalia*, sendo moi dino de se ter en conta que Ricardo Severo, o ilustre director d'esta revista, que non era un celtómano nin muito menos, e qu'estudou o asunto ceaís un pouco incréñido ó ligurismo micénico de Sarmento, ó pelengriñaportodolos periodos prehistóricos e protohistóricos en precua d'antecedentes e semellanzas das

nalgúns oujetos de Hallstatt e confesa derradeiramente qu'o trenzado do número 5 y os segmentos de círculo do 6, son idénticos ós que se ven n'unha folia d'ouro alcontrada en Eygelbilsen (Galia belga).

As rosáceas, as espirás, y os pétalos, relacionaos co-as figuras semellantes de Sabroso e Brileiros, analogías que podemos extender pol-o que toca ós semicírculos y as espiras, ó decorado d'algúns dos nosos torques.

Si coma se ve, a ornamentación do brazalete transmoniano, é de filiación cratisema y entra de cheo e pol-a totalidade dos seus elemen-

los, na cultura galega dos Castros, e si ainda podese aprousimar tal oujeto, pol-o seu xeito abarrillado os *brassards* das ribeiras do Doubs, non pasa o mesmo co gallonado que cobr'a sua superficie, pois si ben é verdade qu'un laborse mellante ou servase en oujetos análogos da Côte-d'Or, da Marne e do Jura, a sua disposición é vertical y empregabese en adornos de brazaletes abertos qu'en nada s'iman ó de Lebuçao. Pol-o contrario, nas pulseiras da Edade do Bronce qu'esaminamos no comenzo d'iste capítulo, os gallós anque mais estreitos, aparecen colocados horizontalmente, e feitos

res, terminando nun remates, que na fotografía que feño á vista, semellan seren demasiado grosos pra se poder espelar nas furas das orellas, e que fai sospeitar si cecais se sujetarian por presión, ou si estarían en tempos provistos d'unha prolongación filiforme capaz d'introducirse facilmente na dita fura.

Foron as arrecadas joias moi usadas, pol-as mulleres, sobre todo no La Tene I, alcontrándose d'abondo en tod'a área d'ista cultura, presentando moitos dos ejemplices recollidos en Francia (fig. 119) (1) notables semellanzas cos nosos. Derivan ó parecer todos istes tipos




Fig. 117



Fig. 118



Fig. 120




Fig. 121



Fig. 122



Fig. 123

n'unha lámina d'ouro cilíndrica e pechada, tendo o seu aspeuto tanta analogía co d'aquela joia, que necesariamente fai pensar na existencia d'unha tradición ben anterior ó noso posthallstático e n'il recollida e conservada.

*As Arrecadas.* — Villaamil e Castro (1) o afortunado rebuscador d'antigüidades protohistóricas, atopou en terras luguesas as arrecadas que van reproducidas na fig. 118. Forman unha fina lámina aurea circolar, dobrada e con adornos lineares de filigrana nos lados esteriores,

d'un modelo hallstáttico, feito generalmente n'unha folla delgada de bronce, ensanchada en crecente car'o centro y afiada nos extremos, que se transforma, mais tarde dobrando pra riba os seus bordes, n'unha especie de carabelita encorvada.

O prototipo hallstáttico estivo moi estendido, sinalándose a sua presencia nos Pireneos e ainda na Andalucía, estensión que podemos relacionar cos movimentos dos celtas na península, os cales deberon introducir tamén na

(1) Op. o loc. cit.

(1) Dechalette, Manuel, I., II, págs., 1079 e 1263.

nosa terra ista crás de joias, modificadas logo con arreglo ó gusto local, que chega a producir tipos mais evolucionados e d'indudabre fermosura, como son os alcontrados en Afife e no Castro de Laudos (Portugal) (fig. 120) (1) en qu'o corpo da arrecada desenvolve-se en círculo graciosamente decorado y-arremata por abaxio n-un triángulo adornado con puntos ou liñas cruzadas en losango, e por riba en dous anels, nos que prende un cordón destinado a encolgal-o oujeto no lobulo superior da orelha.

*As Diademas.* A diadema ou millor cicais cinto de Ribadeo, a que faltas veces nos refe-

cura, doux guerreiros a pé un en altitude igual e con armas idénticas ás do genete, y-outro que en vez d'espada sostén duas lanzas ou dardos, e un terceiro persoage qu'agarrá as casas de dous caldeiros en forma de sítulas. A veira do genete vese unha vez un cabalíño pequeno, estando os ocos que deixan valeiros estas figuras, ocupados por representacións antropomórficas, peixes aparellados, sepos conchos, aparecendo repetido moitas veces un animal de pescozo direito, grupo ergueita e longas patas traseiras, cuia identificación é pouco dada. Varias liñas paralelas de puntos sirven de fondo ó cadro, compretando o decorado da




Fig. 121

rimos no trascurso d'iste traballo, sinala coa sua presencia un elemento comprefatamente novo y-excepcional na nosa ourivesaría prerromana.

A mais notabre singularidade d'ista diadema, da coal conservanse soilo cinco anacos, consiste en ter repujadas figuras d'homes e d'animes ás que tampouco afeizoada foi a arte castrexa. As figuras d'homes son catro, que se repiten desenrolándose en faixas horizontais e paralelas: un guerreiro da cabalo, qu'ergue n-unha maña a ceifa e n-outra unha espada

jola duas espirás que corren entrelazadas e poslas verticalmente no extremo d'un dos anacos, e uns triángulos que se recortan no círculo d'outros dous (fig. 121).

Que é o que se quixo representar no repuxado d'esta diadema ou cinto? Unha danza guerreira? Un combate? Unha escea de culto ou un rito funeral? Non se sabe. As miudas figuras de xeito esquemático seguen herméticas a pesar dos esforzos que se teñen feito para penetrar o seu significado. Qu'infruxo cultural aportou á nosa arte esta representación d'homes e d'animes tan alleas ás acostumadas geometrías das decoracións galegas?

(1) Op. e loc. cit.

Bosch Gimpera (1) pon a diadema de Ribadeo en comparanza co cinto repuxado d'Arcóbriga e c'outras pezas análogas do posthallstático castelán qu'ostentan traballados n'un estilo bárbaro, figuras d'anmás, pero dí tamén que «recuerda los bronces repujados de la verdadera cultura hallstática, sítulas de Watsch, etcétera».

En efecto, antr'os achádegos d'esta rica necrópolis da Carniola, alcontramos tamén repuxados en caldeiros e cintos esceas de vida d'aquél entón: carreiras de carros, combates, desfiles de soldados, sacrificios funeráres, que pol-a sua execución, pol-a disposición en faiñas paralelas, y-hasta pol-a introdución d'anmás nos espazos valeiros, lembran moito ó historiador da joia galega. Per'esto especial modalidade de decoración que xurdíu asegún Dechelette (2) baixo o influjo das colonias grégas d'Italia, limita a sua área ós países venetolirios e non parece ter penetrado no territorio verdadeiramente céltigo, en cuas estaciós fallen por completo esta clás d'adornos.

Ta! circunstancia prantea con relación á diadema luguesa un difícil problema tipológico, porque debemos creer qu'os Celtas, a pesar da fallo que síntomas, coñeceron denantes da sua entrada na Península o historiador das sítulas e dos cintos véneto-ílirios, ou debemos supor millor a existencia d'unha influencia ítala posterior, semellante a qu'acrimatou na España as fibulas chamadas de cabalo, ou derradeiramente relational-as figuras das follas aureas de Ribadeo co-as dos vasos gregos, imitadas tamén ó parecer nalgúns exemplares de cerámica ibérica?

O isolamento en que viveu a Galiza na Edade do Ferro, y-en col docu lantas veces temos insistido, parece dar forza á primeira d'estas hipóteses, que ceais futuras descubertas encárguense de confirmar prenamente.

*As duas enfiadas.* — Na notable colección de joias antigas do Sr. Blanco Cicerón existen «ocho cuentas desiguales de oro y tamaño como de avellanas, engarzadas en un alambre también de oro, en disposición que pudiera haber servido de collar». Parece ser qu'estas doas, de tal xeito descritas por Villaamil,

ofrecen gran semejanza con los collares de cuentas de oro y otras materias gallo-romanas, caladas, que hay en el Museo del Louvre, entre los llamados *bijoux antiques*.

Fundados n'esta semelhanza, incruimons na ourivesaria castreña tales doas de collar, anque polo seu atipismo nonos pareza a sua atribución inteiramente segura.

*Os brazaletes de bronze.* — Anque pol-a materia de qu'están formados, non collen istos brazaletes n-un capítulo dedicado ás joias incruimolos n'il por seren os úneos oujetos metálicos que c'os torques, as armillas y-as diademas, estiveron destinados escrusivamente ó adorno persoal.

Foi o bronze n-outros países moi empregado na fabricación d'adornos; mais n'nos, sen dúbida pol-a gran fartura d'ouro, quedou cinguida a sua aplicación á feitura de pulseiras semellantes ás qu'apareceron en Sabroso e na croa do Rioforte (1) e que poden reducirse ós tres tipos seguintes:

A) Aberto, sen remates e de labor retorto (fig. 122).

B) Abertos, de sección circular e rematados n-un ensanchamento anelado e campaniforme (fig. 123).

C) Aberto, de sección circular cos remates ensanchados e revollos car'o aro (fig. 124).

Tenhen istos brazaletes, con certos tipos de febillas, e de torques, indudables semellanzas y-o seu prototipo hallstático debémolo ver nas manillas tamén abertas e con grosos bolos terminados qu'apareceron na necrópolis de Saint-Sulpice (Tarn).

(1) Manuel, I., II, pág., 777.

## Pida á nosa administración

# O MARISCAL

por

A. Villar Ponte e Ramón Cabanillas

Franco de portes contra envío do seu valor

3'50 pesetas

(1) Portugal, I., II.

(2) Los Celtas

## Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza

### O país dos mortos

**U**n ilustre mitógrafo asturiano, D. Constantino Cabal, nun traballo publicado no *Boletín del Centro de Estudios Asturianos*, ano I, número 4, titulado: *El infierno de la Asturias pre-romana*, quer demostrar que Galiza foi prós pobos antigos da Península, polo menos prós astures, o país ond'iban morar as almas dos difuntos.

Fundase principalmente nun conto esturiano, no que un señor foi ó inferno buscar a un procurador, e non sabendo com'había sair d'ali, puxose en oración, e d'ali a pouco, aló enriba nun buralo moi ouro, apareceu a faciana dun home que chamaba por él. Era o Apóstol Sant'Yago, o qual botoulle unha corda, e o home gaveou collido á corda polo buralo enriba, e de que surtiu afora, atopouse en Galiza.

Iste pensar ven arriostado polas consideracións seguintes:

Doña Carolina Michaelis de Vasconcellos (non aparez craro cal é a obra que cita, seica os comentarios ó *Cançaoiro d'Ajuda*, Halle, 1904) di qu'en Compostela hai un buralo por ond'un ten que pasar por forza, si non é de vivo, de morto. Ora, iste buralo pensa o señor Cabal que debe ser o da cova do Pico Sagro, onde o Barón de Rosmial quixo entrar, porque lle dixeran que quem entrara, conseguia o perdón dos pecados, mais non entrou, porqu'un dos qu'iban co-él, entrhou e por pouco afoga.

Non hai dúbida que o Pico Sagro é un dos lugares mais cheos de misterio que hai na nosa Terra. O mais seguro é que sea o *Mons Sacer* de Justino, prolexido de profanacións por un *tabu* qu'ainda somella qu'o arrodeia hoxe. Xa se lle ten dado unhas poucas voltas, mais son fantás as leendas que se viñeron localizar n'él, que calquera dixerga a sua sinificación primitiva, sen un estudo detido feito á luz das ideias modernas en col da mitoxía. Todo lugar ond'o misterio se manifesta, é sen dúbida unha

fenestra aberta sobr'o outro mundo; mais o que sea precisamente a porta d'él é o que non podo enxergar claramente, visto sobre todo, que elquí non coñezo leenda ningunha na qu'iste feito apareza.

En troques, na Bretaña, atopa a do *Yeun Elez*, nunha turbeira ó pé do Mont Saint-Michel, ond'hai un buralo fondo, polo que s'oyen berrar os condenados. Non se pode negar que hai certas coincidencias leendarias antr'o Mont Saint-Michel e o Pico Sagro; mais se cadra ésta é unha das causas nas que se non imitan.

Outra causa hai en relación co-esto, dina de note:

Hai polas terras d'Ortigueira a leenda de que o San Andrés de Teixido layábase un dia diante d'El-Señor de atopar n'aquel santuario tan lonxano, tan recuado, onde ninguén lliba rezar, e d'aquela El-Señor, compadecido, déulle consolo, e prometeulle qu'o que non fose visitalo en vida, d'ali adiante, tería qu'ir despois de morto, senón nou podería entrar no ceo. Pois outro tanto, co-as mesmas verbas cáxeque, refírese n'Asturias, somentes que ali non é o San Andrés de Teixido, senón o Señor Sant'Yago.

Ainda a mesma tradición refírese en Portugal, e conservase na seguinte cantiga que Cabal colle de Doña Carolina Michaelis:

Santiago de Galicia  
Vos sodes tão intréssiero.  
Ou em morte ou em vida  
hei d'ir ao vosso mosteiro.

O qual indica que houbo un trasporte de leenda, de Santiago pra San Andrés, e as formas más antigas conservense nos llindeiros da área etnográfica galega, que colle además da Galiza actual, Portugal ata o Douro polo menos), Asturias del o Navia (polo menos), o Vierzo e probablemente Sanabria.

Voltando ó asunto, outras das consideracións con qu'abona a sua tese o Sr. Cabal, é o ser Galiza (con Bretaña e Irlanda) un dos cabos

*do mundo*, un dos *fisterres* da Europa, concello qu'ainda lembra a tradición n-aquela cántiga.

Fum ó Santo San Andrés  
álo no cabo do mundo...

Crer'está qu'a locución *cabo do mundo*, empregada eixí a cada instante pr'indicar un lugar distante calquera, se non pode tomar no significado preciso que lle dá o ilustre mitógrafo. En xeral, Galiza podería parecer o cabo do mundo xente que vive lonxe d'ela; de ningún xeito pr'os que n-ela viven.

E lembra a iste respecto a tradición dos mafieiros da Bretaña, a quem esperan de noite as almas dos difuntos pra qu'os leven á Gran Bretaña, nas suas barcas, e as barcas van tan cargadas d'almas, que s'afunden a os bordes, e en menos d'unha hora fan o viaxe, que sin as almas, de día, non fan en 24. E relación o Fisterre galego co Fisterre bretón, e o Promontoiro Ariabro co Promontoiro Sacro (Cabo San Vicente, en Portugal).

A terceira consideración importante, é a da tradición, que tanto se dá na nosa Terra, das vilas asolagadas (Limia, Lamas da Goa ou d'Agoa, e outras que non cita, coma as de Carragal, Doniños, Maside etc.) e que pra fil son vilas dos mortos.

Crer'está qu'esas vilas asolagados pol-as augas, nas qu'ainda se sinten - coma na bretona de ls, que cita a mór abondamento - dobrar os sinos ou cantar os galos, parecen levar á ideia de que n-elas viven as almas dos mortos; mais esto se non atopa nin moi meno craro nas leendas, e teno que supor o mitógrafo xuntando datos diferentes. Das leendas, o que se saca mais ben, é que os que ali viven son os que ali vivian cand'a vila foi asolagada en castigo d'un pecado - muitas vellas, com'acontece en Maside, por non quereren recibir á Nosa Señora, ou a outro persoaxe santo que viña camiñando - e non outras almas que viñeron d'outros lados perer ou gozar ali. E ademais, os que ali están, son almas en pena, ou son homes vivos *encantados*? Non é doadoo atopar precisión de conceitos nas creencias populares.

Mais indica en troques o ter habido en Galiza un *río do esquecimento*, o Limia, qu'os gregos ou romaos identificaron co Leleo do seu inferno. Cabal cita o feito que probavelmente

## NÓS

inventou Strabon, ou os seus informadores pr'espical-o nome e o mito. Mais non será mais ben o mito orixinado pol-o nome, e o nome *flumen oblivionis* non virá do nome probabel indixena *Bellonis* ou *Bellón* - d'onde *lago Beón* - que levaba o río? O mito prendeuse se cadra n-unha falsa etimoloxía, e o mais seguro é qu'o creeran somentes os romaos, e cecais os outros habitadores da Península, e non parece moi racional qu'o creeran os indíxenas.

É tamén curiosa a cita que fai de *La Romera de Santiago*, de Tirso de Molina:

- ...El campo  
nos brindó ¿Que te parecen  
los de Galicia?

- Retrato  
de los jardines Híbleos.  
- Los Eliseos los llamaron  
muchos antiguos...

O qual non aparez tampouco craramente en ningunha fonte clásica, senón qu'o debemos tomar com'unha hipérbole de Tirso apoiada en lembranzas vagas, principalmente do Leleo, e cecais d'algúnha trabucada atribución a Galiza das leendas das Hespérides, terras tamén ouidentias.

Pol-o derradeiro, fai atinadas consideracions en col da convivencia garimosa dos galegos cos mortos. Mais tamén n'esto hai lembranzas do culto dos antepasados e dirida se cadra d'unha mansión das almas, precisamente, non localizada, senón coexistente co mundo dos vivos.

Non podemos ascendir á tése do ilustre folklorista. Mais así e todo, o seu traballo resulta ben útil pra nós, mais pol-os probremas, que propón que pol-os que resolve. Achega, pr'amostral-o seu pensamento, unha chea de feitos dinos d'estudo, que xuntos vense con nova luz, embora non leven ó mesmo convencemento qu'il ten. Pol-o menos amostran a importancia da nosa Terra nos probremas da mitoloxía peninsular.

V. R.

---

Non deixe de mercar  
**COUSAS por CASTELAO**  
Prezo CATRO pesetas

## OS HOMES, OS FEITOS AS VERBAS

EL PATRIMONIO ARTÍSTICO  
DE GALICIA, por ANGEL DEL  
CASTILLO, Cruña, 1926.

O Concello da Cruña editou con primor esta fermosa conferencia, dada pol-o seu autor no Salón d'autos do Consistorio o 6 de Febreiro d'ist'ano. É unha de tantas, sempre diferentes, com'o ilustre arqueólogo e querido colaborador e amigo noso, ten feito pra espallar a coñecencia da riqueza artística e moi mental da nosa Terra, que ten en Anxel Castillo un entusiasta e leimoso escultor, preparado con respeitabre aparato de coñecimentos instrumentais.

N'esta conferencia, d'un xeito sintético e con maxistral agudeza, val amosando Castillo conxuntamente o desenvolvemento histórico da vida e da arte galega, escollendo e pondo en releve as características de cada tempo e de cada estilo, cos mais típicos eixemplos, que ademais dá en fotografías, debidas todas á sua man, pois Castillo ten andado toda Galiza e ten estudiado, medido e fotografiado cada un dos moimentos que cita.

Asina, van desfilando diante de nós, a un tempo, as épocas e os xéneros arquitectónicos: o prerrománico, o románico e o oxival, na arquitectura cristiá; os pazos e os castelos; logo o barroco; os mosteiros e os pazos, e por fin a escultura, a pintura, a ourivesaría, o mobiliar litúrxico.

Como Castillo, ademais de arqueólogo, é home que ten o senso da historia, sabe ver n'estas cousas a expresión da y-alma inmortal de Galiza, qu'il sabe unha, inconfundible, e chamada ainda a meirandes destiños. O seu labor é de verdadeira importancia na actual renacencia galega, e cando sea coñecido en todo o seu tremendo volume, a cultura galega ferase enrequentado en gran maneira.

V. R.

NOTAS SOBRE JUSTICIA  
MUNICIPAL, Dr. PEDRO  
FRAGA DE PORTO, Puerto-  
tollano, 1926.

O noso compatriano e amigo Dr. Fraga de Porto, coñecido hai tempo no periodismo galego, mándanos iste libro de 135 páxinas sustanciosas, onde fai unha axeitada críteca da xustiza municipal española, dend'os seus fundamentos doutrinários ata a esterioridade dos locales onde tal xustiza se fai. Sen que perda

un instante os supremos conceitos teóricos en que se funda toda misión xusticiera, é iste mais ben un libro inspirado na observación da realidade imedial do caso xurídeco, tal e como s'apresenta no exercicio profesional, no que a repetida inadecuación, cando non a irremediável inadecuabilidade do preceito ó feito, a limitadísima previsión da ley, amóstrase flagrante tantas vegadas.

Estuda Fraga de Porto con moita agudeza e nobre e ainda múltiple función atribuída pol-a lei, inspirada en diferentes criterios a un tempo, ós xuzados municipais: a d'avenencia, ineficaz nos casos en qu'a ley a fai obrigada, e non autorizada n-outros en qu'a concuencia popular a pide, e a d'intervención contenciosa ou punidiva, e ainda a tutiva, a de xurisdicción voluntaria e a de fé pública e rexistro do estado civil, que contribuyen a facer un compreexo o comedido d'uns funcionarios a quen fan poucas condicións técnicas se lle eisixen e tan minxogada representación social se lle concede. Crítica cheo de razón a hierarquización da xusticia pol-a cuantía dos pleitos, e outros vicios das nosas leis orgánicas e adxetivas, de verdadeira importancia, e defende a misión d'educación pública, d'esilmulo e de protección dos dereitos de todos que corresponden asegún fl. ós xueces municipais. O libro, d'un estilo móvil e craro, faise ler con intré e gusto.

LA VIDA DE NUESTROS ANTE-  
PASADOS CUATERNARIOS EN  
EUROPA, discurso de entrada en la  
ACADEMIA DE LA HISTORIA,  
do PROFESOR HUGO OBERMAIER.  
Madrid 1926

FONDAMENTE suxestivo e interesante o discurso do ilustre catedrático da Historia primitiva do home, lexe de un pulo millor que moitas novelas; mais que o traballo inxente e seco de un científico é o parolar sinxelo e sabente d'espacialista que quer facer acesibres e amabres os seus coñecimentos a unha sociedade de xentes cultas e non espezalizadas.

Nin por iso ha de coidarse que o Profesor Obermaier se afastara un instante da seriedade mais escrupulosa. O seu segredo está non en arriscar opiniões ventureiras nin en describir gabachos cadros sintéticos, se non en esmiutar os datos e avencellar as relazois e os parecidos etnográficos cos primitivos atuais ata

arrodear cada un dos temas tratados; vivenda, enfeites e vestidos, ritos funerarios, alimentación, caza e arte, de un ambiente vivo e animado que xurde da mesma evidenza dos feitos.

En resume a primeira hora boa de vulgarización que en col do paleolítico se ten escrito na península e tamén a mais completa e intensa.

F. L. C.

## REVISTAS

A NOSA TERRA, 1 Sobre, 1926.

**SUMARIO:** *Follas sin data de un diario de abordo. Ao Mariñeiro afogado*, versos de Manoel Antonio, un dos nosos poetas do mar. — *Esquemas*, por Ramón Otero. D'unha xustiza perfeita; deslaquemos dous: «Un pásano facía a casa ó pé do grande penedo que lle daba a pedra. A casa crescia no penedo com o pito no óvo.» ... Os antigos lós árabes fixeron no ceo construccions pechadas, ilimitadas, imobres, euclidianas. A Edade Media fixo o camiño, imaxe do movemento: o camiño de Sant'Iago. — *Novos dereitos arancelarios para o milla*, en col d'unha disposición recente quen, coma de cote, deixa a Galiza no desamparo. — *Semellanzas*, por U. Losada Martínez, sobre o problema das nacionalidades enxergado dende a bioloxia. — *O Congreso de Estudos galegos*, por Ramón Martínez López, sobre unha iniciativa d'Antón Vilar Ponte. — *No camiño de Sant'Yago*, comenza da relación da pelerinaxe feita por un fato d'escriptores e amigos galeguistas, por Xavier Pardo. — *Ramón Suárez Piccallo*, dando conta da estada en Galiza, conferencias e traballos do ilustre escritor e propagandista do agrupamento da revista *Céltiga*, de Bós Aires, á sua volta de Xinebra, ond'estivo d'asesor da Delegación obreira arxentina no Congreso da Conferencia Internacional do Traballo, e do pensar do distinto galego en col da trasformación d'ideias en senso galeguista, das nosas colectividades arxentinas. — *Bibliografía*, en col de Xelo o salvaxe, de Fernández Armesto.

BIBLOS, revista da Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra, Março e Abril, 1926.

**SUMARIO:** Dr. Antonio de Vasconcelos, *Arqueología - Duas cartas sobre indumentaria litúrgica na iconografía medieval* (A propósito dos painéis de S. Vicente de Foral). — Dr. Serras e Silva, *Sciéncia Social e Educação*, estudo de molta importancia, onde fundamenta a prosperidade social na familia, e trai as bases da escola de Leplay pr'a estudo centífico da familia. — Dr. Mendes dos Remedios, *Um notável Memorial dos cristãos-novos*. — Dr. Mario Brandão, *Contribuições para a historia da Universidade de Coimbra - Uma Oração Académica do Renascimento*. — dotor

## NÓS

João da Silva Correia, *Nota pedagógico-linguística - Estilísticas escolares*. — Ernesto Donato, *Os Reservados da Biblioteca da Universidade de Coimbra - Livros de Portugal* (libros publicados en 1925). — *Biblioteca de «Biblos»*, en col de libros recentes. — *Varia*, en col d'assuntos da Faculdade e outras custições d'enseñanza.

Junho e Julho, 1926.

**SUMARIO:** Dr. Mendes dos Remedios, *Finta para o pagamento do perdão*, segundo vicisitudes dos Xudeus en Portugal. — Alvaro Julio da Costa Pimpão, *A Crónica da Guiné de Gomes Eanes de Zurara*, comenza d'un notable estudo do escrito histórico mais importante do tempo de D. Henrique o Navegante. — Dr. Mario Brandão, *Contribuições etc.* — Ernesto Donato, *Os Reservados*. — Dr. Mario Brandão, *Uma carta acerca da viagem do Cardeal Alexandrino a Portugal*. — *Livros de Portugal*. — *Varia*, con noticia d'unha notable conferencia do Prof. J. Meunier en col das apreciaciones da fonética esprimenta ó estudio das lénguas vivas á terapéutica.

REVISTA DE GUIMARÃES, Janeiro - Junho, 1926.

**SUMARIO:** *Una carta de Emilio Hübner a Martins Sarmento* (encol da citania). — João Lopes de Faria, *Santa María de Guimarães. A jurisdição da sua igreja*. — Carlos de Passos, *Século de Perices*. — A Tiburcio de Vasconcelos, *Colección de estampas e Índice de gravadores*. — Eduardo d'Almeida, *Os Cônegos da Riveira. Regimento de Sacristia. Tesouro da Colegiada*. — Alfredo Guimarães, *Azulejos de Guimaraes* (estudo), sobre arte tan portuguesa; refirese ós revestimentos d'algúnhoras eirexas. — Alberto V. Braga, *Usos e costumes, tradições e bruxaria na obra de Camilo Castello-Branco* sumamente curioso. — Mario Cardozo, *Consagrado ás Ninfas (Acércase de uma lápida votiva do Museu Arqueológico da Sociedade Martins Sarmento)*. — Alberto V. Braga, *Boletín*. — *Conferencia*, dada por Antonio Sergio na Sociedade Martins Sarmento. — Francisco de Assis P. Mendes, *Balançete da Sociedade. Relação dos sócios*.

GIL VICENTE, 1 e 2, 2.ª Serie, 1926.

**SUMARIO:** *Um ano volvido. — A Imortalidade de Antonio Sardinha*, por João Ameal. — *O casamento de meus avós* (conto inédito) de Antonio Sardinha. — *A Antonio Sardinha* (soneto) por Simeão Pinto de Mesquita. — *Uma página de memórias* por Rodrigues Cavalheiro. — *Obras de Antonio Sardinha*. — *A lição do mestre*, por Horacio de Castro Guimaraes. — *Chuva da tarde*, por César de Oliveira. —

*Antonio Sardinha*, por Tevares Ferreira. — *Velharias Vimaranenses*, por João Lopes de Faria. — *A nossa casa* (quadras) por Parente de Figueiredo. — *O Anatema de Plandres*, por João de Ourique. — *Crónica política*, por Ro-  
lão Preto. — *Integralismo lusitano*, nota da Junta Central. — *Vitrina dos Livreiros*, por M. Alves de Oliveira. — *Revistas novas*. — *Gravura* (Antonio Sardinha no seu gabinete de trabalho).

O INSTITUTO, 4.<sup>a</sup> serie, vol. 2.<sup>a</sup>, número 4, Coimbra, 1926.

**T**RAI: un interesante traballo do Sr. João da Silva Correia, sobre *O problema do simbolismo fonético*, con atinadas consideracións dos fonetistas modernos en col da independenza antr'o valor semántico das verbas e o seu son, e estudo da armonía imitativa nos poemas e seus fundamentos. — O Dr. Gustavo Cordeiro Ramos sigue o seu estudo da *Epopeia alemana de Kudrun*, e das suas heroínas galegas e portuguesas, a principal, Hildeburg, chamada n'un pasaxe, *Hildegard de Galiza* («Hildeburg diu edele von Galizen fande») e Hetel, que fina o seu castelo en *Campatille*, que Wilmann identifica con Compostela. — *Prehistoria de Salamanca*, polo P. César Morán Bardón, agustino, con referencia das estacions paleolíticas e neolíticas, de 32 dólmenes e 4 penedos, dous d'les abaladoiros, da rexión salmantina. — *Subsidios para a historia da música em Portugal* por Sousa Viterbo. — *Observações à hipótese de Mr. L'Abbé Moreux sobre «La Science Mysterieuse des Pharaons»*, por João Carlos A. B. da Costa Gomes, rebatindo a creencia de qu'as indubidabelmente pasmosas coincidencias nas mensuras da Gran Pirámide, xa outrora esculcadas por Piazzi Smith, Ralston Skinner, Kennet Mackenzie e outros, podían ser intencionadas. O Sr. Costa Gomes desfai algúns dos cálculos do abade Moreux. Nós, sen que pensemos que tan prodixosa cencia se poida atribuir ós antigos — cuia cencia podería sen dúbida ser ben superior á nosa

n=outras couses, se cadra — e coidando que despois de todo, poida qu'elo non encerre misterio ningún, non deixamos d'atopar curiosas algunas das coincidencias, especialmente as das coordenadas xeográficas do monumento, a sua perfeita orientación, e a sua posición no vértice do Delta, e mais ainda non tendo sido precuradas. — *O desacato que se diz praticado em Coimbra pelo Arcebispo de Braga D. João Peculliar, não tem base histórica aceitável*, por Mgr. José Augusto Ferreira. — *Tentativa de interpretação simples da «Teoria da Relatividade Restrita»* pelo Almirante Gago Coutinho. — *Bibliografía*, en col d'un traballo de Homero Seris sobr'a *Reaparición del «Tirant lo Blanch» de Barcelona de 1497*. — *Libros recibidos*.

BOLETIN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGIA, 1 Sepbre, 1926.

**T**RAI unha lembranza en honra do que foi seu ilustre Presidente *D. Francisco Ponte y Blanco*. — *Los altares primitivos del Apóstol Santiago*, por Celestino García Romero (non trai mais qu'a introducción do traballo, en col dos primitivos altares cristiáns). *Estudio biobibliográfico-crítico acerca de Rosalía de Castro*, por Eugenio Carré Aldao (continuación). — *Palacios y fortalezas de la Mitra de Santiago antes de la guerra hermandina*, por José Couselo. — *De la guerra de la Independencia: La Gándara de Piñeiro*, por Manuel Amor Meilán. — *Sección Oficial*, incruindoo unha relación das obras de numismática que ten a Academia. — *Noticias*: sobr'a visita á Cruña de Miss Georgiana Goddard King, autora de *Pre-Romanesque Art in Spain*, e da importancia descuberta d'unha eirexa cristiá primixina, con voutas e parés adornadas de pinturas debaixo da eirexa actual de Santa Bava de Bóveda, término do concello de Lugo, un dos más importantes achádegos arqueoloxicos d'istes anos en Galiza.

Imprenta LAR. Real, 36 - A CRUÑA



## Dr. MOSTEIRO

MÉDICO ODONTOLOGO

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clinica Dental mais completa de Galicia

SÁNCHEZ BREGUA, 5-1.<sup>o</sup>

A CRUÑA

Apartado 67

Teléfono urbano 78  
Id. Interurbano 49

# Fernández, Torres e C.<sup>a</sup>

FERROS -- ACEIROS -- FERRETEIRÍA  
MAQUINARIA AGRÍCOLA

Linares Rivas, 12

A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

DROGUERIA E FARMACIA

Progreso esquina a Luis Espada  
OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpa millor  
Véndense en todol-os estabrecimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas  
e Accesorios

M. Calviño  
OURENSE



A mais económica de Galicia

M E R Q U E V O S T E D E

SÍNTÈSE XEOGRÁFICA DE GALICIA  
por Ramón Otero Pedrayo

SANATORIO QUIRURJICO  
DIRETORES

Manuel Peña Rey  
Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco  
Cirugía geral  
Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten todol-as condicíos precisas.—Practicase toda críis d'operacíos.—Dotado de todol-os  
adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacíos de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda,  
con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Dietoterapia pra tratamiento de Auxilios, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera.  
Lámpara de cuarzo pra sol d'alíade e ultra-violeta pra tratamento d'escrofulosis, raquitismo, alopecia, eczemas, etcétera.  
Admitense embarazadas, e contase con material esterilizado pra forza da cibade en casos d'urxencia.—Poden colaboraren  
todol-os compañeiros, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto  
Macía e Valeiras, Apartado 18 -- Ourense

Augas bicarbonatado-sódicas de  
**MONDARIZ**



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO  
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabreimento está aberto do 1.<sup>º</sup> de Mayo a 31 de Octubre

**F. ROMAN E SACO**  
**DROGUERIA**

**e FARMACIA**

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

A D E Q U I R A

SÍNTESIS GEOGRÁFICA  
DE: GALICIA: POB:R.  
OTERO: PEDRAYO

TRES pesetas

SI LLE INTRESA

O M A R I S C A L

Léncia tráxica-histórica por

Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte

Pídalo á Administración de LAR Real, 36 1.<sup>o</sup> - A Cruña a 3'50 pesetas